

ACTIVIDADES E SERVIZOS CURSO 2022-2023

a) Actividades Complementarias:

As actividades e servizos complementarios de carácter pedagóxico (festas, saídas, obradoiros e gabinete educativo) establecidas en Andaina engloban todas aquelas actividades e servizos que forman parte da esencia do proxecto educativo. Sen elas non sería posible manter o modelo pedagóxico, pois non se financian co concerto educativo.

- **Saídas educativas e obradoiros de innovación.** Derivado da situación sanitaria actual, nesta tarifa incluímos oito saídas ou obradoiros por aula en todas as etapas. Está calculada para grupos-aula completos, no caso de ter que realizalas en grupos máis reducidos axustaranse para non incorrer en incremento de tarifas.

Non incluímos neste momento unha proposta de saídas con "durmida" ao non ter garantías de poder realizalas. Ao longo do vindeiro curso, en función da situación da pandemia, valoraríamos realizar estas saídas con durmida, e nese momento estableceríase o custe en función da proposta.

- **Festas e conmemoracións.** Están previstas para o próximo curso as seguintes: Magosto, Nadal, pre-Entroido e Entroido, Letras Galegas, Auga/Convivencia e San Xoán. O enfoque das festas ao longo do curso irase adaptando á situación sanitaria de cada momento.
- **Gabinete Educativo.** Esta tarifa permite manter o modelo educativo que ofrece Andaina ao longo das etapas. A través dela conseguimos dotar de recursos ás diferentes aulas para poder desenvolver entre outras, as seguintes actuacións:
 - Acompañamento no proceso de adaptación do novo alumnado ao centro na etapa de infantil (dobre docente).
 - Programa de estimulación da linguaxe oral en infantil e 1º ciclo de EP.
 - Comisión de lecer con actividades promovidas polo alumnado na etapa de primaria.
 - Programa de mediación escolar para a resolución de conflitos entre iguais.
 - Programas formativos co alumnado: facilitación de grupos, prevención do maltrato, acoso...
 - Xestión da convivencia en primaria e secundaria a través de equipas de facilitadores.
 - Apoio en aula para a aplicación de metodoloxías activas: ABP, aprendizaxe cooperativa, etc.
 - Asesoramento específico aos distintos sectores da Comunidade Educativa.
 - Programas de prevención, detección e intervención en dificultades de aprendizaxe.
 - Acompañamento en procesos socio-emocionais complexos co noso alumnado e/ou familias.

- Comisión Colaboralab (laboratorio audiovisual en prol da convivencia) na etapa de Secundaria.
- Sesións formativas coas familias.
- Campañas específicas de sensibilización social: contra a violencia de xénero, en apoio ao colectivo LGTBI, actividades formativas co alumnado ao redor do día da muller, etc.
- Colaboración con entidades e especialistas externos por parte dos especialistas do Gabinete Educativo.

b) Recursos Educativos:

- Comprende a adquisición e uso de todo o **material individual e común** que é empregado polo alumnado durante todo o curso escolar:
 - Funxible (libretas, carpetas, cartafoles, bolígrafos, lapis, gomas, pinturas, cintas, adhesivos, folios, orlas aula, ceras, pinturas, etc.), material didáctico complementario, material de consulta en proxectos específicos de aula.
 - Secuencias de lingua galega e castelá elaboradas polo centro, secuencias de cálculo rápido, cálculo mental, simetrías e xeometría, todo o material de plástica empregado na área e nos distintos proxectos.
 - Fotocopias en B/N e cor, material fotográfico, elaboración e edición de vídeos educativos, emprego de material impreso.
 - Kits individuais de música (fruta, libríños, kits musicais para composicións), kits específicos en cada aula (calculadoras, compás, USB, regras e cartabóns, etc.), material de proxectos en laboratorio e tecnoloxía, etc.
 - Material de uso compartido en cada grupo: xogos de matemáticas, linguas, de construción, de recantos, estratexia, convivencia, ábacos, dicionarios (galego, inglés, castelán, francés), mapas, regretas, recursos informáticos como tablet e ordenadores por etapa, etc.).
 - Biblioteca de aula con libros de lectura que precise o alumnado no Plan Lector de Centro.
- Tamén se inclúe o uso da plataforma educativa **Clickedu**, que permite entre outros:
 - Xestións académicas e administrativas online para a comunidade educativa.
 - Emprego de contornos virtuais de aprendizaxe para o alumnado.
 - É o sistema de comunicación xeral entre centro e familias.

c) Servizos opcionais: informamos a continuación sobre os cambios producidos en algúns dos servizos opcionais, como consecuencia da organización do curso mentres esteamos en situación de pandemia:

- **Comedor escolar:** o comedor desenvolverase nas propias aulas dos grupos-estables. Establécese o mesmo prezo de comedor escolar ao ser a organización semellante en todas as etapas educativas. Ante a imposibilidade de aportar "almozos colectivos de media mañá" por parte das familias, incorpóranse dentro da tarifa de comedor o almorzo diario a media mañá que permita desenvolver a mesma rutina de almorzo compartido na aula.

Lamentablemente, o vindeiro curso non poderemos facilitar o acompañamento ao alumnado de comedor por parte das familias, como consecuencia das medidas sanitarias provocadas pola pandemia.

- **Almorzos a media mañá.** Para o alumnado non usuario de comedor, establécese unha tarifa independente que é especialmente importante para que todo o alumnado da aula poida participar do almorzo sobre todo en infantil e primaria onde están moi instaurados os almorzos compartidos e resultaría pedagogicamente complicado de xestionar no caso de que algún alumno/a non participe do mesmo.

- **Madrugadores:** o centro establece tres franxas no servizo de madrugadores, para facilitar a conciliación de cada familia. O servizo de almorzo será ás 8:00 horas (e só poderá realizarse de haber un grupo mínimo de 10 usuarios).
Tentaremos garantir o servizo de madrugadores para todo o alumnado que o precise, adoptando as medidas sanitarias de distanciamento social e emprego da máscara se fora necesario desenvolve-lo en espazos comúns. No caso de non poder garantir o servizo a todo o alumnado, aplicarase o criterio de prioridade para conciliación familiar; en primeiro termo, aos usuarios de transporte ao quedar eliminado o servizo, en segundo lugar aos actuais usuarios do servizo e no caso de dispor de prazas calquera alumno/a poderá beneficiarse do servizo.

- **Dormitorio (só para alumnado de 3 anos):** derivado dos cambios na xornada do alumnado desta idade ofertamos un servizo de dormitorio/descanso que ven equivaler á ampliación horaria no resto de niveis. O dormitorio organizarase por grupo-aula estable sendo necesario un número mínimo de 10 usuarios para o servizo. No caso de non haber 10 usuarios en cada aula, tentarase establecer un aula co alumnado de dormitorio para garantir o servizo ás familias que o precisan. Neste caso, as familias que pensen que o poderán precisar a partir de outubro, deberán indicalo na matrícula, pois unha vez iniciado o curso escolar só se poderán engadir novos usuarios na aula que conte con este servizo.

- **Ampliación horaria (a partir de 4 anos):** derivado da necesidade de ter que establecer franxas de saída diferentes por niveis, ofertamos este servizo en todas as etapas. A organización será por grupo-aula estable.